

SESIÓN: MÉRCORES 27 DE MAIO, 2020

L. GALEGA

3º DE ED. PRIMARIA

---

Bos días, nenos e nenas:

Seguimos co...

## CINE

E xa sabedes que para entrar, necesitamos unha entrada... Pero temos un problema... non sei se andara por aí "O trasno das palabras". Axudádesme a completar os datos da entrada, e así poder acceder a ver a película?



Escoitaches algunha vez ver a expresión "O cine das sabas brancas"? Le con atención o seguinte texto e aprenderedes moitas cousas.



## O cine das sabas brancas

### DIFICULTADES DE LECTURA

- ▶ Non realizar pausas durante a lectura, ou facelas moi longas, dificulta a comprensión do texto.
- ▶ Le en silencio o texto e fíxate nos signos que contén. Practica as pausas así:
  - Conta 2 despois destes signos: (.), (?), (!).
  - Conta 1 despois destes signos: (,), (;), (:).


Nada me amolaba máis ca que me tomasen por parva. Que tivese nove anos non quería dicir que o fose. Os meus pais dicían que lles facía **chantaxe** cando reclamaba recompensas a cambio de facer ben as cousas. E remataban con esta **cantilena**:

–Si, Clara, si! Habémoste premiar levándote ao cine das sabas brancas.

Por se non o sabedes, o cine das sabas brancas é a cama. Eu, aínda que o tiña claro a forza de desenganos, sempre abrigaba a esperanza de que algún día se producise a sorpresa. E, dalgún xeito, así foi.

Non foi que me levasen ao cine a cambio de sacar unhas notas mellores ca de costume, foi que a cama, é dicir, as sabas brancas, se converteron para min nun cine. Un cine ou un estudio de cine, que o certo é que non o teño moi claro. Vós diredes.

Antes de máis nada, teño que explicar que aquela noite as sabas da miña cama non eran brancas, senón amarelas, mais isto non ten importancia. Arroupeime, intentando escaparlle ao sono que chega sempre demasiado pronto e se me enguedella nas pestanas coma unha nube gris, sen me deixar soñar esperta, que é o que máis me gusta. De súpeto, petaron na porta do meu cuarto e apareceu



ela. Ela, si, e non vos asustedes, que non era cousa doutro mundo. Igualiña a min, porque así a imaxinei, fíxome esta proposta:

–Que che parece se rodamos a película da túa vida?

E como me ía parecer? De película! Agora son guionista, actriz principal e dirixo *A película da miña vida*. Os escenarios son a miña casa, o colexio, as rúas da vila e unha fraga mesta onde non ousa entrar o lobo, porque está vixiada polo meu trasno preferido, Toleirón Toleirán.

Ando a estudar os **planos** convenientes para cada escena. Xa sei que, se quero presentar o lugar onde acontece a miña historia, debo facer un plano xeral de Fontela de Senande, que é onde vivo. Un primeiro plano do meu rostro fará que me coñezades ben e mesmo reparedes nas pencas que teño sementadas no nariz. Nun plano enteiro veredes o meu tipo, algo fraco aínda que, como di miña nai, rillo máis ca un coello. E, se cadra, nun plano de detalle amósovos un dos petos do meu pantalón para que vexades como asoma del o meu boneco Nicolás.

Terei que facer unha selección de actores e actrices. En inglés chámalle **cásting**. Conto con vós. Queredes formar parte da miña película?

Agora, todas as noites, cando bico aos meus pais antes de me deitar, son eu a que lles digo:

–Vou ao meu exclusivo cine das sabas brancas.  
E a película continúa.

MARICA CAMPO

**chantaxe:** ameaza coa que se quiere lograr algún proveito.

**cantilena:** frase que se repite moitas veces e resulta molesta.

**planos:** imaxes que se toman cun determinado encadramento.

**cásting:** proba para escoller actores e actrices para unha película; selección.

## DESTREZAS DE ESCRITURA

- Escribe dous novos títulos para a lectura que cumpran estas condicións.
  - Que teñan 4 palabras.
  - Que teñan 6 palabras.



1. Por que lle chaman á cama “O cine das sabas brancas”? Escolle a opción que mellor o explique.

- a) Porque as sabas da cama nos fan lembrar a pantalla onde se proxecta unha película.
- b) Porque, mentres durmimos na cama, soñamos e eses soños son como unha película.

2. Responde:

- Que lles pedía Clara aos seus pais? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Que lle respondían eles? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- E como se sentía ela? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Que se lle apareceu a Clara no cuarto e cando? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Que lle propuxo? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

3. Contesta sobre “A película da miña vida”



- Quen escribe esa película e quen a dirixe? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Quen é o actor ou actriz principal? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Que escenarios teñen que aparecer na película? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_